

RESOLUCION DE XERENCIA POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA 2022 DAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO GAIÁS (código de procedemento CT898A)

En data de 06 de xullo de 2022 publicouse a ORDE do 16 de xuño de 2022 pola que se autoriza a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para que se aproben as bases reguladoras relativas ás residencias artísticas do Gaiás e se convoquen para o ano 2022 (código de procedemento CT898A) (DOG Núm. 128 Mércores, 6 de xullo de 2022)

En data de 08 de agosto de 2022 finalizou o prazo sinalado para a presentación de solicitudes para participar na presente convocatoria.

Esta convocatoria ten por obxecto ofrecer catro bolsas para formación a través de residencias, para o cal se realizará unha selección dun máximo de catro proxectos vencellados a algunha das categorías seguintes: artes visuais, escénicas, musicais ou de deseño, valorando positivamente o enlace con outras disciplinas non recollidas nas bases reguladoras do procedemento e tendo en conta o carácter híbrido da cultura actual, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Consonte o artigo 4 das bases reguladoras, seleccionaranse un máximo de catro proxectos ou bolsas formativas vencellados a algunha das categorías seguintes: artes visuais, escénicas, musicais ou de deseño, valorando positivamente o enlace con outras disciplinas non recollidas nestas bases e tendo en conta o carácter híbrido da cultura actual.

Cada bolsa está dotada cunha achega de **8.000 euros todos os impostos e gastos incluídos**. Ademais da dotación en metálico, a **Fundación porá á disposición das persoas beneficiarias en calquera dos catro proxectos, o seguinte:**

- O espazo en condicións axeitadas para o seu uso, con conexión wifi, seguridade, limpeza e climatización.
- Os recursos humanos propios de seguimento técnico de cada proxecto, segundo a dispoñibilidade e horario pactados de común acordo cos artistas ou colectivos dos proxectos seleccionados.
- Persoa mentora especialista en cada tipoloxía que acompañará cada proxecto.

De acordo co disposto no artigo 11 das bases reguladoras da presente convocatoria, o Tribunal de Valoración realiza a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos nas mesmas bases, a cal se realizará proporcionalmente ás puntuacións obtidas.

Logo de que o 16 de setembro de 2022 o Tribunal de Valoración realizase a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de valoración, da que quedou constancia en acta motivada, a Área de Contratación do Departamento Económico Financeiro da Fundación Cidade da Cultura de Galicia elevou a proposta á persoa titular da Fundación Cidade da Cultura de Galicia en data de 22 de setembro de 2022.



Visto o contido da acta do Tribunal de Valoración de data de 16 de setembro de 2022 e do informe do órgano instrutor onde se propón resolución da convocatoria, a Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, en virtude do disposto no artigo 12 da ORDE do 16 de xuño de 2022 pola que se autoriza a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para que se aproben as bases reguladoras relativas ás residencias artísticas do Gaiás e se convoquen para o ano 2022 (código de procedemento CT898A) (DOG Núm. 128 Mércores, 6 de xullo de 2022, **RESOLVE:**

--Outorgar as seguintes bolsas para formación a través de residencias;

1. ARTES MUSICAIS:

Proxecto: COMPOSTELA IN-AUDITA
Beneficiario: Ignacio Muñoz Somoza (DNI ***961***)

Proxecto multidisciplinar, novidoso, moderno e interesante, no que se considera a arquitectura como un elemento sonoro. O proxecto explora a nosa relación co territorio a través da súa paisaxe sonora, e de xeito transversal con outras disciplinas como: a antropoloxía, o urbanismo, a arquitectura, os espazos públicos a arte sonora, o videoarte, o walking art ou o patrimonio inmaterial e as artes urbanas ou a acústica.

O artista establece unha forte conexión entre a cidade propia de Santiago de Compostela e a innovación presente na Cidade da Cultura. Este proxecto implica 4 accións principais: un traballo de campo no que se escoita, se mapea e se grava o material audiovisual para conformar un filme; unha creación e composición do propio filme, na que se edita e organiza a información gravada; unha composición musical, na que se realiza unha creación sonora a partir dos diferentes sons; e a realización dun concerto.

O proxecto procura traballar sobre o entorno galego, dándolle o valor que realmente se merece a través da concreción do seu proxecto nunha peza sonora única e abarca diferentes ámbitos da música, a antropoloxía, a xeografía, o patrimonio cultural, entre outros.

2. ARTES ESCÉNICAS:

Proxecto: Z29.0
Beneficiario: Miguel Ponce de León Martínez (DNI ***145***)

Se presenta, en colaboración coa compañía de nova creación Teatro et al., Tyler McKechnie e Jose Gregorio Vera, unha proposta interdisciplinaria, moi creativa e innovadora que procura a visualización da saúde mental a través da escena. Contémplase o uso de técnicas de disciplinas como o teatro inmersivo, o performance, o circo, a danza, a instalacións, a música, o ilusionismo, a poesía e a neurociencia, dun xeito transversal.

Este proxecto consiste nunha investigación mediante a cal se explora a interconexión que existe entre o illamento, o trauma e a represión da memoria desde un punto de vista artístico. Para isto, primeiro creouse un texto dramático e logo, realízase unha exploración escénica sobre a temática. A unión destas dúas actividades, dará froito á peza escénica que será mostrada ao remate da residencia.

3. ARTES VISUAIS:

Proxecto: Man Verde
Beneficiario: Noa Rodríguez Méndez (DNI ***560***)



Neste proxecto novidoso se entrelaza a idea de tecnoloxía e natureza, e a posibilidade da participación directa do público nunha instalación inmersiva, mediante a realidade virtual e os elementos naturais presentes na mesma. Baixo o colectivo artístico denominado "Virtual R00ts" presentan unha instalación de realidade virtual formada por unha estrutura física cuberta de plantas e unha animación virtual interactiva. O colectivo traballa na corrente da Arte e Ciencia, no senso de que desenvolven metodoloxías de eidos moi diversos como a Neurociencia, o Big Data, a Bioloxía, a Intelixencia Artificial ou a Realidade Virtual co obxectivo de desenvolver pezas artísticas interactivas e performativas.

O seu proxecto é de moito interese e novidoso en Galicia, xa que procura a investigación nas novas tecnoloxías e a ciencia aplicadas ás artes visuais, e na súa proposta contéplase a colaboración con centros de investigación da Universidade da Santiago de Compostela vencellados ao paisaxismo, a ecoloxía e o deseño de novas tecnoloxías.

4. DESEÑO:

Proxecto: Refugallos

Beneficiario: Inés Rodríguez Rodríguez" (DNI **994***)**

Proposta innovadora a través da cal se procura crear novos deseños con materiais de refugallo obtidos do leite, das follas de millo, de silvas, de algas..., fomentando así a idea de sostibilidade e aproveitamento de refugallos.

O traballo de investigación recolle a importancia do téxtil artesá de Galicia, creando novos materiais ecolóxicos e nalgúns casos biodegradables que permita aproveitar diferentes tecidos naturais que actualmente son refugallos de diferentes sectores produtivos (agricultura, madeira...). O vencello co rural de galego fusionando artesanía e innovación, é un dos puntos a salientar. Asemade a posible aplicación a outros sectores profesionais ou á industria é outro que se destacan desta proposta.

Contra esta resolución, poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, perante o titular do ente a que está adscrita a Fundación ou ao que corresponda a súa tutela, isto é, ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes.
- Recurso contencioso-administrativo, perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaránse desde o día seguinte ao da notificación da resolución. A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

En Santiago de Compostela a data de sinatura dixital

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

